

PLAN ANUAL 2026

DA COOPERACIÓN GALEGA

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

(Este Plan recibiu o informe favorable do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento o 23 de xaneiro de 2026 e foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 9 de febreiro de 2026)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES

3. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2026

- 3.1. CONVOCATORIAS PÚBLICAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA
- 3.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES
- 3.3. PLAN ANUAL DE AVALIACIÓNS
- 3.4. PUBLICACIÓNS

4.COORDINACIÓN INSTITUCIONAL

5. ORZAMENTO 2026

1. INTRODUCCIÓN

O Plan anual 2026 da Cooperación Galega preséntase en cumprimento do mandato legal establecido no artigo 83.4 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que sinala que o órgano de dirección da Administración competente en materia de cooperación para o desenvolvemento elaborará un Proxecto de plan de acción anual, que se someterá á aprobación do Consello da Xunta de Galicia. Pola súa parte o artigo 87.2 da Lei establece que este Plan de acción anual será aprobado por proposta da conselleira ou conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento e logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

Neste Plan anual 2026 recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios que o Goberno galego pon a disposición da cooperación para o desenvolvemento para o ano 2026, de acordo coas orientacións establecidas no **V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026, no último ano do seu período de vixencia**. Así, nel se relacionan de maneira resumida **as actuacións que se van a financiar no marco do programa orzamentario 331A: Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento** da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante DXRREE e coa UE), sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia poidan financiar ou desenvolver actuacións en materia de cooperación, cuxa cuantificación se realizará ao final do exercicio.

Para o ano 2026 a dotación inicial do *programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento* elévase a **10.347.978 €**, é dicir, **un 5 %** sobre o orzamento total do programa respecto do ano 2025.

O orzamento aprobado para o 2026 permitirá que neste Plan anual 2026 da Cooperación Galega se recollan **actuacións en todas as áreas** (cooperación para o desenvolvemento no exterior, acción humanitaria, educación para o desenvolvemento, investigación, etc.) e que se poidan **publicar**, ademais das **convocatorias tradicionais** da cooperación galega, unha convocatoria de **programas de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global** dirixida ás ONGD, dando cumprimento a un dos compromisos recollidos no V Plan Director.

Tendo en conta os **compromisos de gasto adquiridos** en exercicios anteriores para actuacións que están en marcha (**5.059.787 €**) aos que hai que engadir os **gastos de persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (731.785 €)** o **orçamento comprometido** ascende a un total de **5.791.572 €** o que supón unha **dotación dispoñible para novas actuacións de 4.556.405 €**.

2. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES.

Cos orzamentos de cooperación para o ano 2026 asegurárase a cobertura financeira dos compromisos para actuacións adquiridos con anterioridade, que se elevan a **5.059.787 €**, que permitirán **dar continuidade** ás seguintes actuacións:

- **29 proxectos** aprobados nas **convocatorias** do ano 2025 de **proxectos no exterior** dos axentes de cooperación, por un total de **3.594.490,29 €** para 2026.
- **18 proxectos** aprobados na **convocatoria** do 2025 de **proxectos de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global**, por un total de **432.000 €** para 2026.
- **9 proxectos** aprobados na **convocatoria** do 2025 de **proxectos de investigación e creación de grupos de investigación** en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030, por un total de **132.500 €** para 2026.
- **3 programas** aprobados na **convocatoria** do 2025 de **programas de cooperación no exterior**, por un total de **630.000€** para o 2026.
- **6 bolsas de formación** de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento convocadas no ano 2025, cunha dotación orzamentaria de **72.400 €** ata a finalización do período de formación, no mes de setembro de 2026. A este orzamento hai que engadir **3.438,72 €** para a cobertura da Seguridade Social das persoas bolseiras.
- **Convenio** de colaboración con **Augas de Galicia e a Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia** para a execución do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ, 5ª

Fase)". Este convenio trianual asinado no 2024 conta cunha dotación de 125.000,00 € para o 2026, dos que **50.000 €** proceden do programa 331A e 75.000 € de Augas de Galicia. Estes últimos xeraranse no programa de gasto 331A ao longo do exercicio 2026.

- Convenio de colaboración coas **ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz** para a execución do proxecto "Activistas polo mundo que queremos 2025-2026" no marco do Plan Proxecta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cunha dotación para o 2026 de **39.988 €**.

- **Convenio** de colaboración entre **Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento, AECID e a Cooperación Descentralizada**, para a actuación conxunta e coordinada en materia de Acción Humanitaria, cunha dotación para o 2026 de **100.000 €**.

- . Avaliación das asistencias técnicas prestadas pola CETMAR nos proxectos do sector pesqueiro e acuícola financiados pola cooperación galega aos axentes de cooperación, **4.970 €**.

3. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2026.

Unha vez descontados os recursos para dar continuidade aos compromisos asumidos con anterioridade ao ano 2026, e os gastos de persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, a **capacidade orzamentaria** para acometer **novas actuacións** no ano 2026 elévase a **4.556.405 €**.

As **actuacións previstas** para o ano **2026** detállanse nos seguintes apartados:

3.1 CONVOCATORIAS PÚBLICAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

✓ **Convocatorias bianuais de subvencións para proxectos de cooperación no exterior das ONGD e outros axentes de cooperación.**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos no exterior das ONGD, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos,

comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais que teñan a condición de axentes de cooperación.

A **dotación total das convocatorias** será de **6.300.000 €** (2.205.000 € no 2026 e 4.095.000 € no 2027), é dicir, un **5% máis** que a do 2025.

A distribución da dotación será a seguinte:

- Para **ONGD: 4.340.000 €** (1.519.000 € no 2026 e 2.821.000 € no 2026).
- Para os **outros axentes: 700.000 €** (245.000 € no 2026 e 455.000 € no 2027).
- Para **proxectos de liña feminista 1.260.000 €** (441.000 € no ano 2026 e 819.000 € no ano 2027).

A distribución dos créditos entre as dúas anualidades será a seguinte: 35 % para o 2026 e 65 % para o 2027.

✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos de Acción Humanitaria**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo como tales aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento, protexer os dereitos fundamentais e manter a dignidade humana durante e despois das crises –provocadas por seres humanos ou por desastres naturais–, así como os destinados á prevención e reforzo da capacidade de resposta para cando se produzan estas situacións e as de protección de vítimas e defensa dos dereitos humanos.

A convocatoria terá carácter **anual** e a súa **dotación** será de **700.000 €**, é dicir, un **27,3% máis** que a de 2025.

✓ **Convocatoria anual de subvencións para microproxectos**

O obxecto destas axudas é a execución de microproxectos de cooperación no exterior promovidos por ONGD e os outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento que estean inscritos na sección D do rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento

Enténdese por microproxectos, aquelas intervencións puntuais, de limitada intensidade, de duración non superior aos 12 meses que teñan por obxecto fortalecer e/ou complementar outras actuacións levadas a cabo por axentes de cooperación no mesmo territorio.

A convocatoria terá carácter **anual** e a súa **dotación** será de **150.000 €**, é dicir, a mesma que a do ano 2025.

✓ **Convocatoria bianual de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (ED) e a Cidadanía Global promovidos polas ONGD.**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos de **Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global** por parte das Organizacións Non Governamentais de Desenvolvemento (**ONGD**) e outros axentes de cooperación, dentro das **catro dimensións** que forman parte da educación para o desenvolvemento:

- a) Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- b) Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- c) Investigación sobre o desenvolvemento.
- d) Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A **dotación total** da convocatoria será de **720.000 €** (288.000 € para o 2026 e 432.000 € para o 2027), é dicir, a mesma que a do ano 2025.

A distribución dos créditos entre as dúas anualidades será a seguinte: 40 % para o 2026 e 60 % para o 2027.

✓ **Convocatoria plurianual de subvencións para programas de Educación para o Desenvolvemento (ED) e a Cidadanía Global promovidos polas ONGD.**

O obxecto destas axudas é o fomento de intervencións de maior duración, impacto e promedio de financiamento que os proxectos tradicionais no ámbito da **Educación para o Desenvolvemento e a**

Cidadanía Global por parte das Organizacións Non Governamentais de Desenvolvemento (**ONGD**), nas súas catro dimensións.

A **dotación total** da convocatoria será de **720.000 €** (180.000 € no 2026, 270.000 € no 2027 e 270.000 € no 2028).

A distribución dos créditos entre as tres anualidades será a seguinte: 25 % para o 2026, 37,5 % para o 2027 e 37,5 % para o 2028.

✓ **Convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento**

Para o ano 2026 convocaranse 6 bolsas, de carácter plurianual, para garantir que as persoas beneficiarias gocen dun ano completo de formación; dúas das bolsas desenvolveranse na sede da DXRREE e coa UE en Santiago de Compostela e as catro restantes no exterior, nas Oficinas da Cooperación Española da AECID.

Esta convocatoria vai dirixida á mellora das capacidades destas persoas, ten un retorno a medio e longo prazo para todo o sistema de cooperación e reforza as relacións entre a Xunta de Galicia e as outras institucións a través das que se articulan estas bolsas, o que leva a facer máis eficaz a cooperación.

O **orzamento previsto** para as bolsas é de **104.600 €** (32.200 € para o 2026 e 72.400 € para o 2027). Esta cantidade é a mesma que a do orzamento da convocatoria do ano 2025.

A este orzamento hai que engadir **4.585 €** (1.146 € no 2026 e 3.439 € no 2027) para a cobertura da **Seguridade Social** das persoas bolseiras.

3.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES

✓ **Convenios de colaboración no ámbito da Acción Humanitaria**

Ademais da convocatoria anual en concorrència competitiva sinalada anteriormente, prevese asinar os seguintes convenios para a execución de **actuacións humanitarias e de emerxencia**:

- Convenio de colaboración con **Farmamundi** para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia, que permitirá dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando así a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega, cunha dotación de **50.000 €**.

- Convenio de colaboración coa ***Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)***, co obxectivo de mellorar as condicións de vida da poboación refuxiada saharauí, que terá unha dotación de **100.000 €**.
- Como en anos anteriores, e co fin de promover a presenza da Cooperación Galega na acción multilateral, asinaranse convenios de colaboración coas Axencias de Nacións Unidas, cunha dotación de **150.000 €**.

Ao longo do ano, e en función das dispoñibilidades financeiras, poderanse asinar outros convenios ou addendas aos convenios mencionados para dar resposta a situacións de emerxencia ou crises humanitarias.

Ademais, e como sucedera en anos anteriores, está previsto que desde a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero se transfiran fondos procedentes do **Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero** que serán utilizados para financiar proxectos no ámbito da acción humanitaria no exterior, así coma o a terceira edición do *Programa galego de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos*.

✓ **Convenios de colaboración no ámbito da educación para o desenvolvemento, a sensibilización, a formación e o fortalecemento institucional.**

Prevese a sinatura, entre outros, dos seguintes convenios:

- **Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD**

Este convenio ten como obxectivo contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) e a mellora das súas capacidades para representar e fortalecer ás ONGD membros, poñendo neste período de planificación especial énfase nas máis pequenas.

Este convenio coa CGONGD, que na actualidade agrupa a 47 organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma, e que ven asinándose desde o ano 2008 pretende, por unha banda, fortalecer o tecido das ONGD galegas e a propia Coordinadora a través de diversas accións, como prestar servizos de información e apoio técnico e formación ás ONGD, asistencia a xuntanzas con institucións, organización de eventos, promoción de mesas de

diálogo, etc. e, por outra banda, mellorar a promoción de actuacións en materia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

A **dotación financeira** prevista para este convenio en 2026 será de **110.000 €**, é dicir, a mesma que a do exercicio 2025.

- **Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

Co mesmo obxectivo que o convenio coa Coordinadora Galega de ONGD, pero dirixido ao ámbito municipalista, no 2025 asinarase novamente un convenio co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade como entidade plural (na actualidade agrupa a 117 concellos e ás catro Deputacións Provinciais), comprometida coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na cooperación con terceiros países, impulsando un maior compromiso por parte das entidades locais coa cooperación para o desenvolvemento, nun marco máis estable e permanente.

O obxectivo do convenio será, tomando como referencia a Axenda 2030, sensibilizar, asesorar e apoiar ás entidades pertencentes ao Fondo e dar a coñecer o traballo que desenvolve no ámbito da cooperación municipalista e no cumprimento dos ODS ás entidades socias e á sociedade galega en xeral, así como reforzar a rede humana e organizativa do propio Fondo.

A **dotación** financeira deste convenio para o 2026 será de **60.000 €**, é dicir, a mesma que a do exercicio 2025.

- **Convenio de colaboración "Activistas por o mundo que queremos" no marco do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.**

O Plan Proxecta é unha iniciativa de innovación educativa da actual Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que busca a integración na planificación anual dos centros de programas postos en marcha por entidades alleas ao sistema educativo.

Dende que no ano 2013 a DXRREE e coa UE, en coordinación coa devandita Consellería e no marco do Plan Proxecta, impulsara un proxecto piloto titulado "Cooperación galega: O mundo que

queremos", a través da formalización de convenios de colaboración con ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento, puxéronse en marcha xa 13 edicións de dito proxecto actualmente denominado "Activistas polo mundo que queremos".

Para o ano 2026 está previsto asinar un novo convenio coas mesmas entidades que no 2025, é dicir, ***Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz***, para poñer en marcha unha **nova edición, a XIV (2026-2027)** do dito proxecto cunha **dotación** prevista de **70.000 €** (30.000 € para 2026 e 40.000 € para 2027).

✓ **Convenios de colaboración con entidades para actuacións de cooperación no exterior**

Ademais, neste ano 2026 continuarase a **fomentar a cooperación técnica** en materia de **pesca e acuicultura**, como se vén realizando en colaboración coa Fundación **CETMAR**, ou en materia de **xestión de recursos hídricos**, en colaboración con **Augas de Galicia**, apostando por unha **orientación estratéxica** da Cooperación Galega, financiando proxectos de asistencia técnica que faciliten a transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do Sur.

Por outra banda, ao longo do ano, e en función das dispoñibilidades financeiras, poderanse explorar novas vías de colaboración a través dos correspondentes procesos de identificación en diferentes países e sectores, que se instrumentarían por medio da sinatura de convenios de colaboración con aquelas entidades que se consideren máis adecuadas.

3.3 CONTRATACIÓN DE SERVIZOS

Tomando como base o Documento Marco de Avaliación da Cooperación galega elaborado no 2022 co obxecto de organizar e orientar os diferentes tipos de avaliación, de cara a súa maior complementariedade e utilidade, facilitando a toma de decisións baseada en evidencias, no ano 2026 contrataranse as seguintes avaliación :

- **Avaliacións *ex-ante*** dos proxectos que se presenten ao amparo das convocatorias.
- **Avaliación final do V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026** (no 2º semestre do ano).

Por outro lado, no último trimestre do ano contratarase o servizo para a elaboración do **VI Plan Director da Cooperación Galega 2027-2030**, que deberá tomar como base os resultados da Avaliación final do V Plan Director.

3.4 PUBLICACIÓNS

Ao igual que nos últimos anos, no 2026 editarase en formato dixital o ***Informe 2025 da Cooperación Galega***, que será publicado na páxina web co fin de dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo dende Galicia.

4. COORDINACIÓN INSTITUCIONAL

Ao longo do 2026 a DXRREE e coa UE seguirá participando activamente nas reunións daqueles órganos de coordinación institucional dos que forma parte.

A nivel de Galicia, participarase naqueles espazos que contribúan a unha mellor coordinación entre os actores galegos de cooperación así como á dar unha maior visibilidade ás actuacións da Cooperación Galega.

Igualmente, continuarase a participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española (Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento, nova Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento, Comisión de Seguimento do Convenio entre a Cooperación Descentralizada e a AECID para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, Encontros de CCAA e Cooperación, etc.).

5. ORZAMENTO 2026

O programa 331A: *Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento* parte dunha dotación inicial de **10.347.978 €**.

No seguinte cadro aparecen reflectidas as partidas orzamentarias previstas para actuacións de cooperación para o desenvolvemento para o ano 2026 por capítulos de gasto, que constan na lei de orzamentos para o ano 2026. Ao longo do ano realizaranse aquelas transferencias entre as diferentes partidas que sexan necesarias para facilitar o financiamento das actuacións propostas neste plan.

Como nos anos anteriores, ao final do exercicio realizarase a cuantificación dos gastos correntes e de funcionamento asociados á competencia de cooperación para o desenvolvemento (que serán financiados con cargo ao programa 111E da DXRRREE e coa UE), así coma das achegas que ao longo do ano poidan realizar outros departamentos da Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento.

PROGRAMA DE GASTO 331A: COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO		
CAPÍTULO	CONCEPTO	CONTÍA (€)
Capítulo I	Gastos de persoal	731.785,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	9.539.193,00 €
	Axudas a institucións sen fins de lucro	994.006,00
	Axudas ás universidades galegas	147.507,00
	Actuacións de cooperación no exterior	8.027.880,00
	Convenio CGONGD	100.000,00
	Convenio Fondo Galego	60.000,00
	Bolsas formación en cooperación	104.600,00
	SS bolsas formación en cooperación	5.200,00
	Convenio SOGAPS	100.000,00
Capítulo VI	Investimentos reais	77.000,00 €
TOTAL programa 331A		10.347.978,00 €